

**ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 31 DE MARZO DE 2022**ASISTENTES:Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro

D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral

D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto

D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera

D. Daniel Ríos Fernández

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal

D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro *[Abandona a sesión sendo as 13h56min, durante o debate do punto 11 da orde do día]*

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Angel Díaz González.

D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre *[Abandona a sesión sendo as 12h26min, por problemas de conexión á sesión telemática, durante o debate do punto 4 da orde do día]*

D. Luis Pena Mosquera

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e tres minutos do día trinta e un de marzo de dous mil vinte e dous, xúntanse de xeito telemático, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

A Secretaria accidental:

Eva Guerrero Rico

A Interventora:

Dna. Lucia Varela Martínez.

Non asiste:

D. Joshua Dopico López

A Presidencia abre a sesión.

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR .**

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**<<PROPOSTA DE ACORDO**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**EXPEDIENTE: 2022/G006/000065**

**LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

**- SESIÓN ORDINARIA DE 24.02.2022**

*Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:*

*- Ordinaria de 24.02.2022 (borrador asinado o día 25.03.2022)*

*Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

*- Ordinaria de 24.02.2022 (borrador asinado o día 25.03.2022)*

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.>>

A presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** en todos os seus termos a proposta transcrita por **MAIORÍA de 10 votos a favor**; dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup>. Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, e do Grupo Municipal do PP (2): D. Santiago Rodríguez Piñeiro; D. Luis Ángel Díaz González; e **2 ABSTENCIÓNS** do Grupo Municipal do BNG, D. Luis Pena Mosquera e D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre, por non estar presentes na sesión, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

*- Ordinaria de 24.02.2022 (borrador asinado o día 25.03.2022)*

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

### **2.- APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A IMPLEMENTACIÓN DOS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE (ODS)**

A Secretaria accidental da lectura ó ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno celebrada o día 28/03/2022, que se transcribe a continuación:

**“DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno**

**SESIÓN: Ordinaria do día luns 28 de marzo de 2022**

**EXPDTE: 2022/G012/000005**

**Sesión nº: 2022/5**

**2.- APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A IMPLEMENTACIÓN DOS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE (ODS)**

*A Secretaria accidental da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:*

**«APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A IMPLEMENTACIÓN DOS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE (ODS) (Expediente: 2022/X999/000066)**

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*(Expediente: 2022/G006/000042)*

**ANTECEDENTES**

*O Concello de Pontedeume ten como un dos seus obxectivos fundamentais avanzar decididamente cara ao desenvolvemento sustentable, que promova a creación de riqueza, o emprego, a redución das desigualdades, a mellora dos servizos e a conservación dos recursos e ecosistemas naturais.*

*Como iniciativas importantes que amosan o noso compromiso podemos citar a adhesión dende o 02/07/2020 ao Pacto de Alcaldes polo clima e a enerxía ( PACES ), aprobado pola comisión europea o 15 de outubro de 2015 ; asemade , estamos na fase de aprobación inicial do Plan de Movilidade Urbana Sustentable do Concello de Pontedeume ( PMUS ) para poñer en marcha accións que a xuden a organizar un sistema a futuro máis eficiente e máis acorde cos retos medioambientais actuais.*

*A Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou na xuntanza plenaria do 25 ao 27 de setembro de 2015 a declaración denominada “ Transformar o noso mundo : a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable”. Este documento, coñecido como Axenda 2030, foi suscrito por 193 países, entre eles o Estado español, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2016.*

*Pola implicación que este Concello amosa , o tempo é chegado de comezar un novo proceso de planificación estratéxica participativa. E para iso, o Concello decide adherirse á Axenda 2030 e promover a súa aplicación no noso termo municipal.*

*A Axenda 2030 recolle unha diagnose que determina cales son os grandes problemas de humanidade, e desenvolve un plan de acción, co propósito de dar solución a todos estes retos detectados e desenvolver un plan integrado e universal en favor das persoas, o planeta e a prosperidade. Para iso, márcase 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable, coñecidos*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

como ODS, que á súa vez se desenvolven en 169 metas concretas, que a práctica totalidade dos países do mundo se comprometen a lograr cara a 2030.

A Axenda 2030 non é un texto normativo nin atribúe competencias nin modifica a súa distribución entre o Estado, as Comunidades Autónomas e os Entes Locais, polo que a súa implementación corresponde a cada actor, no marco das súas actuais competencias. E os concellos están capacitados, e obrigados, a desenvolver accións que permitan a obtención dun 65% dos ODS.

Por outra banda, maila que os retos mundiais xa eran importantes e complexos, a partir de finais do ano 2019 a situación se complica aínda máis, co espallamento da pandemia provocada pola COVID-19. As súas implicacións están a xerar unha crise sanitaria, económica e social sen precedentes na historia recente da humanidade, e as súas consecuencias vanse estender, abofé, ao longo do vindeiro decenio.

Polo tanto, os retos aos que nos teremos que enfrontar nos vindeiros anos van ser complexos, e imos precisar dunha boa planificación estratéxica municipal, que faga unha diagnose da situación actual, marque as metas de cara ao futuro, e estableza as accións precisas para logralas.

Por todas estas razóns, o Concello de Ponte deume considera que debe comezar un proceso de planificación estratéxica, e ademáis ten o deber de adherirse ao compromiso de acadar, na medida das súas posibilidades, os ODS recollidos na Axenda 2030 que lle afectan, e así achegar ao seu grao de area ao progreso planetario.

Asemade, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, entidade da que fai parte o Concello de Ponte deume dende o ano 1998, e que ven traballando arreo na difusión da Axenda 2030 e dos ODS, convocou en setembro de 2020 aos seus socios para que, os que estiveran interesados, enviasen unha proposta para participar nun proxecto piloto para a redacción do plan da Axenda 2030. O Concello de Ponte deume solicitou a súa participación, e finalmente foi escollido, cando os concellos de Cabanas e San Sadurniño.

Ao longo do 2020 e 2021, coas limitacións impostas pola evolución da pandemia da COVID-19, a empresa consultora contratada polo Fondo Galego de Solidariedade e Cooperación foi realizando os distintos traballos de diagnose e definición dos obxectivos e das metas que o Concello pretende implementar de acó ata o ano 2024, para avanzar na consecucións dos ODS a nivel local.

Tendo en conta o documento "Plan de Implementación dos ODS no Concello de Ponte deume", elaborado elaborado pola empresa WAYNA, e impulsado e financiado polo Fondo galego de Cooperación e Solidariedade, documento con rexistro de entrada nº 20229990000044 de 12/01/2022.

Logo de ver o informe do servizo, asinado dixitalmente en data 17/02/2022.

Tendo en conta o anterior, a Alcaldía propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**PRIMEIRO.-** Manifestar o compromiso do Concello de Ponte deume coa Axenda 2030 e coa implantación, na medida das súas capacidades, dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), naqueles aspectos que lle afecten.

**SEGUNDO.-** Aliñarnos coas correntes mundialistas que promulgan un cambio fondo do sistema socioeconómico predominante, a traballarmos para avanzar, o máximo, posible, no logro dos ODS que sexan de aplicación no noso concello, comprometéndonos a colaborar con outros concellos, con outras administracións e con outras entidades, públicas ou privadas, na difusión da Axenda 2030 e no traballo en rede, para lograr, entre todos, acadar os obxectivos previstos.

**TERCEIRO.-** Aprobar o Plan de Implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) no Concello de Ponte deume, con vixencia ata 2024, elaborado pola empresa WAYNA, e impulsado e financiado polo Fondo galego de Cooperación e Solidariedade, documento con rexistro de entrada nº 20229990000044 de 12/01/2022.

**CUARTO.-** Instar ao persoal municipal para que participe activamente no desenvolvemento do Plan de Acción, así como no seu seguimento e avaliación.

**QUINTO.-** Publicar o documento “Plan de Implementación dos ODS no Concello de Ponte deume” na web municipal, para xeral coñecemento.»

A Presidencia abre a quenda para o debate.

...//....

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **UNANIMIDADE** das persoas presentes.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais, quen da conta da proposta; remítese ao dito na Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 28 de marzo, comenta que a través do Fondo Galego de Cooperación Social, o concello foi escollido como participante para realizar o diagnóstico do Plan para a implantación dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, a través da empresa Wayna, que estivo a traballar durante o ano 2020 e finalizou no 2021. Indica que o Plan está desglosado en 5 áreas de traballo:

- 1. Ámbito social, igualdade e inclusión.
- 2. Ámbito ambiental
- 3. Ámbito económico e produtivo
- 4. Gobernanza e calidade democrática
- 5. Alianzas.

Finalmente di que o propósito é traballar durante o ano e medio que queda por diante, crear unhas mesas de traballo, que estarán formadas por técnicos e políticos e ir revisando que se cumpran os obxectivos. Unha vez aprobado este Plan, farase unha presentación pública.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

De seguido, tendo en conta os problemas de audio na conexión telemática do portavoz do seu grupo, intervén D. Luis Ángel Díaz González, concelleiro do PP, quen manifesta a conformidade do seu grupo coa proposta.

Toma a palabra D. Luis Pena Mosquera, portavoz do Grupo Municipal do BNG, quen cualifica o documento como xenérico, que valería para outro concello; di que lles parece ben que haxa o Plan de Desenvolvemento, se ben considera que debería de ser máis concreto, en tanto que o seu desenvolvemento dependerá da intención do goberno. Fai referencia á área cuarta, á a medida establecida na área de Gobernanza, “Fomento dunha xestión pública local áxil, eficaz e transparente”, que considera unha declaración de intencións, sen medidas e obxectivos concretos e por tanto, sen posibilidade de medir resultados. Anuncia o voto a favor do seu grupo, en tanto que lles parece ben a idea, se ben considera que hai que tomar medidas concretas, que se podan medir.

A Sra. Caruncho Corral defende o traballo realizado, indica que este documento é un resumo do diagnóstico, que son 80 páxinas, do que participaron técnicos e persoas alleas, pertencentes ao movemento asociativo; remítese ao contido do documento: 5 áreas, 7 obxectivos, 16 medidas e un total de 79 actuacións, contendo datos do Concello de Ponte deume. Indica que os grupos políticos foron convidados a participar.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Manifestar o compromiso do Concello de Ponte deume coa Axenda 2030 e coa implantación, na medida das súas capacidades, dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), naqueles aspectos que lle afecten.

**SEGUNDO.-** Aliñarnos coas correntes mundialistas que promulgan un cambio fondo do sistema socioeconómico predominante, a traballarmos para avanzar, o máximo, posible, no logro dos ODS que sexan de aplicación no noso concello, comprometéndonos a colaborar con outros concellos, con outras administracións e con outras entidades, públicas ou privadas, na difusión da Axenda 2030 e no traballo en rede, para lograr , entre todos, acadar os obxectivos previstos.

**TERCEIRO.-** Aprobar o Plan de Implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) no Concello de Ponte deume, con vixencia ata 2024, elaborado pola empresa WAYNA, e impulsado e financiado polo Fondo galego de Cooperación e Solidariedade, documento con rexistro de entrada nº 20229990000044 de 12/01/2022.

**CUARTO.-** Instar ao persoal municipal para que participe activamente no desenvolvemento do Plan de Acción, así como no seu seguimento e avaliación.

**QUINTO.-** Publicar o documento “Plan de Implementación dos ODS no Concello de Ponte deume” na web municipal, para xeral coñecemento.

### 3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL A CASQUEIRA E OUTRAS PISTAS DEPORTIVAS

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**MUNICIPAIS, ASÍ COMO A PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOS MESMOS. (Expediente: 2021/G015/000005)**

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda celebrada o día 28/03/2022, que se transcribe a continuación:

**“DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA**

**SESIÓN: Ordinaria do día luns 28 de marzo de 2022**

**EXPDTE: 2022/G012/000006**

**Sesión n.º: 2022/6**

**2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL A CASQUEIRA E OUTRAS PISTAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, ASÍ COMO A PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOS MESMOS. (Expediente: 2021/G015/000005)**

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**«MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL A CASQUEIRA E OUTRAS PISTAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, ASÍ COMO A PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOS MESMOS. (Expediente: 2021/G015/000005)**

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

(Expediente: 2022/G006/000049)

Tendo en conta nº 24, reguladora da taxa pola utilización do Pavillón Municipal “A Casqueira” e outras pistas deportivas municipais, así como a prestación de servizos nos mesmos (BOP nº 228 de martes, 4 de outubro de 2005).

Logo de ver o informe do servizo de data 12/11/2021.

Logo de ver o informe-proposta da Tesourería Municipal de data 12/11/2021.

Tendo en conta a providencia de alcaldía de data 12.11.2021.

Logo de ver o informe xurídico da secretaría municipal, documento asinado dixitalmente en data 14/11/2021.

Tendo en conta a certificación emitida en data 18/01/2022 relativa ao trámite de consulta pública previa ao que foi sometido o borrador do texto da modificación da ordenanza.

Logo de ver o informe da intervención municipal nº 81/2022 de 16/03/2022, favorable con observacións.

**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

Tendo en conta o anterior e conforme ao establecido no artigo 22.2da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía propón para a súa aprobación polo Pleno do Concello a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** A aprobación inicial das seguintes modificacións da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do pavillón municipal A Casqueira e outras pistas deportivas municipais, así como a prestación de servizos nos mesmo:

MODIFICACIÓN DO TÍTULO

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización da pista de pádel, así como a prestación de servizos no pavillón e noutras pistas municipais.

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

...taxa pola a utilización da pista de pádel, así como a prestación de servizos no pavillón e noutras pistas municipais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta taxa a utilización da pista de pádel, así como a prestación de servizos no pavillón e noutras pistas municipais.

ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO

As que soliciten a utilización da pista de pádel ou se beneficien do servizo prestado, ao que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

**Primeiro.** Aluger da pista de pádel:

- Sesión de mañá (de 9 a 15 horas): 8 euros/ sesión

- Sesión de tarde (de 16 a peche): 12 euros/sesión

O tempo de cada sesión será dunha hora e trinta minutos.

**Segundo.** (Suprimido)

**Terceiro.** Pasa a ser o punto Segundo.

ARTIGO 6.(Suprimido)

ARTIGO 7. (Suprimido)

ARTIGO 8. (Suprimido)

ARTIGO 9. Pasa a a ser o artigo 6.

ARTIGO 10. ESIXIBILIDADE DA TAXA. Pasa a ser o artigo 7 coas seguintes modificacións:



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. Devíndcase a taxa e nace a obriga de contribuír dende que se solicita a utilización das instalacións contidas nesta ordenanza.

3.(Suprimido)

4.(Suprimido)

ARTIGO 11.- *NORMAS DE XESTIÓN.* Pasa a ser o artigo 8 coa seguinte redación:

1.Establécese o réxime de autoliquidación na xestión de cobro desta taxa.

O importe da taxa aboarase con carácter previo ao inicio do uso da instalación .  
O resgardo de pagamento deberá de presentarse ao responsable da instalación para poder iniciar o uso da mesma.

2.Cando a utilización leve aparelada a destrución ou deterioro da instalación municipal o suxeito pasivo da Taxa, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao seu depósito previo do seu importe.

Se os danos foran irreparables, o Concello será indemnizado na cuantía igual ao valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danados.

3.(Suprimido)

4.(Suprimido)

**SEGUNDO.-** Acordar a publicación do acordo que se adopte no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios deste Concello, no portal web municipal, ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial, os cidadáns poidan presentar as reclamacións e/ou suxerencias que consideren oportunas (art. 49 LRBRL).

**TERCEIRO.-** A presente aprobación inicial entenderase definitiva no caso de que non se presentasen reclamacións á mesma, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

**CUARTO.-** Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación inicial elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro refundido que se transcribe como ANEXO, publíquese no Boletín Oficial da Provincia da Coruña aos efectos de xeral coñecemento.

**QUINTO.-** Que o acordo e o texto do Regulamento, comuníquese ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma dentro do prazo dos seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

### **ANEXO (TEXTO CONSOLIDADO)**

**“Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola utilización da pista de pádel, así como a prestación de servizos no pavillón e noutras pistas municipais.**

#### **Artigo 1º.-Fundamento e natureza**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade

**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola utilización da pista de pádel, así como a prestación de servizos no pavillón e noutras pistas municipais, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, na que as súas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

**Artigo 2º.-Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización da pista de pádel, así como a prestación de servizos no pavillón e noutras pistas municipais.

**Artigo 3º.- Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:  
As que soliciten a utilización da pista de pádel ou se beneficien do servizo prestado, ao que se refire o artigo anterior.

**Artigo 4º.- Responsables**

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.  
2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5º.- Cota tributaria.**

1.-A cota tributaria consistirá na cantidade resultante de aplicar as tarifas especificadas na liña seguinte.

2.- As tarifas que rexerán na presente Ordenanza serán as seguintes:

**-Primeiro. Aluger da pista de pádel:**

- Sesión de mañá (de 9 a 15 horas): 8 euros
- Sesión de tarde (de 16 a peche): 12 euros.

O tempo de cada sesión será dunha hora e trinta minutos.

**- Segundo. Publicidade.****-Pared frontal:**

- ( 0,90 m ) x ( 0,60 m ): 100 euros/ano
- ( 1,83 m ) x ( 1,22 m ): 200 euros/ano
- ( 3,60 m ) x ( 2,44 m ): 400 euros/ano

**-Paredes laterais grada:**

- ( 1,83 m ) x ( 1,22 m ): 150 euros/ano

**-Pared posterior:**

- ( 1,83 m ) x ( 1,22 m ): 125 euros/ano

**-Círculo central:**

- C.C: 800 euros/ano

**-Círculos de zona:**

- Inclúe os 2 círculos de zona: 800 euros/ano

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*-Durante o tempo que duren os partidos, cada club poderá colocar gratuítamente a publicidade dos seus patrocinadores, nun espacio que se lles será indicado polo Servizo. Unha vez rematado cada encontro, terán a obriga de retirala.*

### **Artigo 6º.- Exencións e bonificacións**

*Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción da taxa*

### **Artigo 7º.- Esixibilidade da taxa**

*1. Devíndcase a taxa e nace a obriga de contribuír dende que se solicita a utilización das instalacións contidas nesta ordenanza*

*2. Non están obrigados ao pago de cantidade ningunha as actividades organizadas e publicidade exposta polo Concello de Ponte deume, ben directamente ou ben a través doutras entidades ás que se lle conceda o patrocinio municipal.*

### **Artigo 8º.- Normas de xestión.**

*1. Establécese o réxime de autoliquidación na xestión de cobro desta taxa.*

*O importe da taxa aboarase con carácter previo ao inicio do uso da instalación .*

*O resgardo de pagamento deberase presentar ao responsable da instalación para poder iniciar o uso da instalación*

*2. Cando a utilización leve aparelada a destrución ou deterioro da instalación municipal o suxeito pasivo da Taxa, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.*

*Se os danos foran irreparables, o Concello será indemnizado na cuantía igual ao valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos dañados.*

### **DISPOSICIÓN FINAL**

*Esta ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo pleno da corporación, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”*

*A Presidencia abre a quenda para o debate:*

*...//....*

*Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **UNANIMIDADE** das persoas presentes.”*

*A Presidencia abre a quenda para o debate.*

Toma a palabra D. Daniel Ríos Fernández, concelleiro de Facenda, que se remite ao xa indicado na Comisión Informativa e na xunta de portavoces ao respecto. Indica que o aspecto máis significativo da Ordenanza é establecer unha cota tributaria pola utilización da pista de pádel, co obxecto de manter a instalación, e tamén debido a que a xente reservaba a pista e despois non acudía. De seguido indica, que no horario de tarde, o custo do alugueiro é de 12 € (3 € por persoa), e no horario de mañá de 8 € (2 € por persoa), un prezo sobre o 50% inferior que as pistas privadas da comarca; conclúe a súa intervención indicando que o pagamento se

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

realizará a través dunha pasarela á que se accede mediante un enlace que estará dispoñible na páxina web municipal, no que xa existe para realizar a reserva.

De seguido intevén D. Luis Ángel Díaz González, concelleiro do PP, quen pregunta se ás persoas que xa pagaron, devólvenselle os cartos; así como polo motivo que de a luz permanecera encendida na pista do tres por tres.

D. Daniel Ríos contesta que non se devolverán os cartos ás persoas que xa pagaron e que o acendido das luces fóra do horario debeu ser un erro dos conserxes, aos que se lles dou traslado do asunto a través da concellería de Deportes, para que estean ao tanto.

O Sr. Díaz González anuncia o voto favorable do seu grupo.

De seguido toma a palabra D. Luis Pena Mosquera, concelleiro do BNG, quen di que lles parece unha boa idea o establecemento da taxa polo uso da pista, que é necesaria; considera que a cota que se debe pagar deberíase ter establecido, máis que comparando coas empresas privadas, que cobran os gastos que vai ter a pista, e que fora mais ou menos dun custo cero, cunhas horas de utilización, se ben se podería modificar máis adiante, cando se viran as horas de utilización, que non supoña ningún gasto adicional para as arcas do concello. Di que lle parece que podería ser interesante, nesta mesma normativa, ter introducido uns custos de publicidade no o pavillón así como o custo por horas de utilización, se fora necesario, sempre tendo horas gratis para asociacións e clubs deportivos do concello. Conclúe a súa intervención indicando que o voto do seu grupo vai ser a favor.

O Sr. Ríos Fernández indica que hai un informe económico do técnico de deportes municipal, que establece que a cota ven a cubrir os gastos de mantemento que ten a pista; con respecto o tema da publicidade, o custo é no pavillón, non da pista de pádel.

Pecha o debate o Sr. Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro, fai referencia os gastos de mantemento da instalación, poñendo como exemplo a rotura de cristais, que se ten producido en dúas ocasións, e que o arranxo supuxo case 3000 €. Remítese á estimación feita polo técnico de deportes e di que ao longo do tempo se verán cales serán os gastos de mantemento, para ir adaptándoos. Conclúe a súa intervención agradecendo o apoio dos grupos ao punto.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** A aprobación inicial das seguintes modificacións da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do pavillón municipal A Casqueira e outras pistas deportivas municipais, así como a prestación de servizos nos mesmo:

### MODIFICACIÓN DO TÍTULO

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización da pista de pádel, así como a prestación de servizos no pavillón e noutras pistas municipais.

### ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

...taxa pola a utilización da pista de pádel, así como a prestación de servizos no pavillón e noutras pistas municipais.

### ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización da pista de pádel, así como a prestación de servizos no pavillón e noutras pistas municipais.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO

As que soliciten a utilización da pista de pádel ou se beneficien do servizo prestado, ao que se refire o artigo anterior.

### ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

**Primeiro.** Aluger da pista de pádel:

- Sesión de mañá (de 9 a 15 horas): 8 euros/ sesión
- Sesión de tarde (de 16 a peche): 12 euros/sesión

O tempo de cada sesión será dunha hora e trinta minutos.

**Segundo.** (Suprimido)

**Terceiro.** Pasa a ser o punto Segundo.

ARTIGO 6.(Suprimido)

ARTIGO 7. (Suprimido)

ARTIGO 8. (Suprimido)

ARTIGO 9. Pasa a a ser o artigo 6.

ARTIGO 10. ESIXIBILIDADE DA TAXA. Pasa a ser o artigo 7 coas seguintes modificacións:

1. Devíndicase a taxa e nace a obriga de contribuír dende que se solicita a utilización das instalacións contidas nesta ordenanza.

3.(Suprimido)

4.(Suprimido)

ARTIGO 11.- NORMAS DE XESTIÓN. Pasa a ser o artigo 8 coa seguinte redación:

1.Establécese o réxime de autoliquidación na xestión de cobro desta taxa.

O importe da taxa aboarase con carácter previo ao inicio do uso da instalación .

O resgardo de pagamento deberá de presentarse ao responsable da instalación para poder iniciar o uso da mesma.

2.Cando a utilización leve aparelada a destrución ou deterioro da instalación municipal o suxeito pasivo da Taxa, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao seu depósito previo do seu importe.

Se os danos foran irreparables, o Concello será indemnizado na cuantía igual ao valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danados.

3.(Suprimido)

4.(Suprimido)

**SEGUNDO.-** Acordar a publicación do acordo que se adopte no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios deste Concello, no portal web municipal, ao obxecto de que

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial, os cidadáns poidan presentar as reclamacións e/ou suxerencias que consideren oportunas (art. 49 LRBRL).

**TERCEIRO.-** A presente aprobación inicial entenderase definitiva no caso de que non se presentasen reclamacións á mesma, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

**CUARTO.-** Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación inicial elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro refundido que se transcribe como ANEXO, publíquese no Boletín Oficial da Provincia da Coruña aos efectos de xeral coñecemento.

**QUINTO.-** Que o acordo e o texto do Regulamento, comuníquese ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma dentro do prazo dos seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

### ANEXO (TEXTO CONSOLIDADO)

**“Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola utilización da pista de pádel, así como a prestación de servizos no pavillón e noutras pistas municipais.**

#### **Artigo 1º.-Fundamento e natureza**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola utilización da pista de pádel, así como a prestación de servizos no pavillón e noutras pistas municipais, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, na que as súas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

#### **Artigo 2º.-Feito impositivo.**

Constitúe o feito impositivo desta taxa a utilización da pista de pádel, así como a prestación de servizos no pavillón e noutras pistas municipais.

#### **Artigo 3º.- Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

As que soliciten a utilización da pista de pádel ou se beneficien do servizo prestado, ao que se refire o artigo anterior.

#### **Artigo 4º.- Responsables**

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### Artigo 5º.- Cota tributaria.

1.-A cota tributaria consistirá na cantidade resultante de aplicar as tarifas especificadas na liña seguinte.

2.- As tarifas que rexerán na presente Ordenanza serán as seguintes:

-**Primeiro.** Aluger da pista de pádel:

- Sesión de mañá (de 9 a 15 horas): 8 euros
- Sesión de tarde (de 16 a peche): 12 euros.

O tempo de cada sesión será dunha hora e trinta minutos.

- **Segundo.** Publicidade.

-Parede frontal:

- ( 0,90 m ) x ( 0,60 m ): 100 euros/ano
- ( 1,83 m ) x ( 1,22 m ): 200 euros/ano
- ( 3,60 m ) x ( 2,44 m ): 400 euros/ano

-Paredes laterais grada:

- ( 1,83 m ) x ( 1,22 m ): 150 euros/ano

-Parede posterior:

- ( 1,83 m ) x ( 1,22 m ): 125 euros/ano

-Círculo central:

- C.C: 800 euros/ano

-Círculos de zona:

- Inclúe os 2 círculos de zona: 800 euros/ano

-Durante o tempo que duren os partidos, cada club poderá colocar gratuitamente a publicidade dos seus patrocinadores, nun espazo que se lles será indicado polo Servizo. Unha vez rematado cada encontro, terán a obriga de retirala.

### Artigo 6º.- Exencións e bonificacións

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción da taxa

### Artigo 7º.- Esixibilidade da taxa

1. Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír dende que se solicita a utilización das instalacións contidas nesta ordenanza

2. Non están obrigados ao pago de cantidade ningunha as actividades organizadas e publicidade exposta polo Concello de Ponte deume, ben directamente ou ben a través doutras entidades ás que se lle conceda o patrocinio municipal.

### Artigo 8º.- Normas de xestión.

1. Establécese o réxime de autoliquidación na xestión de cobro desta taxa.

O importe da taxa aboarase con carácter previo ao inicio do uso da instalación .

O resgardo de pagamento deberase presentar ao responsable da instalación para poder iniciar o uso da instalación

2. Cando a utilización leve aparelada a destrución ou deterioro da instalación municipal o suxeito pasivo da Taxa, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos foran irreparables, o Concello será indemnizado na cuantía igual ao valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos dañados.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo pleno da corporación, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

#### **4.- APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 5, MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E TRANSFERENCIA DE CRÉDITO**

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda celebrada o día 28/03/2022, que se transcribe a continuación:

#### **"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA**

**SESIÓN: Ordinaria do día luns 28 de marzo de 2022**

**EXPDTE: 2022/G012/000006**

**Sesión n.º: 2022/6**

#### **3.- APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 5, MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS.**

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **«PROPOSTA DE ACORDO**

**Expediente TEdC: 2022/G006/000052 enlazado co 2022/T002/000005**

*De conformidade co previsto nos artigos 82.3.e e 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en relación coa modificación de crédito número 5/2022 na modalidade de suplemento de crédito e transferencia de crédito, co fin de incluílo na Orde do Día da próxima sesión plenaria que se convoque,*

*Visto o expediente tramitado que consta de Providencia da Alcaldía, Memoria da Alcaldía e o informe de Intervención de referencia 85/2022*

*Visto que da liquidación do orzamento de 2021, aprobada mediante mediante Resolución da Alcaldía número 80/2022, de 14/02/2022, resultou un remanente de tesouraría para gastos con financiamento afectado de 42.488,30 euros e para gastos xerais de 1.376.762,33 euros.*

*Visto que no expediente de modificación de créditos número 2, modalidade de incorporación de remanentes número 1, aprobado por Resolución da Alcaldía número 85/2022, de 16/02/2022, se utiliza en parte o remanente de tesouraría para gasto con financiamento afectado, concretamente por importe de 16.409,96 euros e tamén o Remanente de tesouraría para gastos xerais por importe de 805.373,01 euros*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto que con data do 24/02/2022 o Pleno acordou aprobar a modificación de crédito número 3, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente de tesourería para gastos xerais por importe de 487.500,08 euros,

Visto que o destino do dito remanente (superávit) vén regulado no artigo 32 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEASF), no que se establece a obrigatoriedade de destinar o superávit da liquidación a reducir endebedamento ou, alternativamente, aos destinos previstos na Disposición Adicional Sexta do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e sendo que este Concello non ten débeda con entidades financeiras,

Visto que este Concello, ao non ter débeda financeira, está fóra do ámbito de aplicación das ditas medidas, e tendo en conta a suspensión das regras fiscais acordada polo Consello de Ministros para o ano 2022,

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO.**- Que se aprobe unha modificación de crédito na modalidade de suplemento de crédito por importe total de 82.855,01 euros, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais na modalidade de suplemento de crédito de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
CONSTRUCCIÓN DE PARQUE INFANTIL Y BIOSALUDABLE EN ANDRADE	171.60900	48.397,20	87000	82.855,01
CIRCUITO DE CALISTENIA	342.60900	21.987,95		
SUMINISTRO DE PILONAS AUTOMÁTICAS	133.61900	12.469,86		

**SEGUNDO.**- Que se aprobe unha modificación de crédito na modalidade de transferencia de crédito por importe total de 134.509,30 euros, consistente en realizar a correcta imputación da solicitude de subvención para a adquisición dun tractor municipal, de acordo co seguinte:

APLICACIÓN QUE INCREMENTA CRÉDITO		APLICACIÓN QUE CEDE CRÉDITO	
APLICACIÓN ORZ.	IMPORTE	APLICACIÓN ORZ.	IMPORTE
172.62300	134.509,30	450.62400	134.509,30

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**TERCEIRO.**- Que se continúe o procedemento regulado no artigo 177 do TRLFL en relación coa publicidade e entrada en vigor, considerando o interés xeral que se vai derivar da tramitación deste expediente toda vez que permitirá habilitar crédito para atender gastos inaprazables e urxentes.

*Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.»*

*A Presidencia abre a quenda para o debate.*

*...//...*

*Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **UNANIMIDADE** das persoas presentes.”*

A Presidencia abre a quenda para o debate:

Toma a palabra D. Daniel Rios Fernández, concelleiro de Facenda, quen explica a proposta. Indica que se trata dunha modificación de crédito con cargo ao remanente de tesourería, similar ao que se levou ao Pleno pasado, neste caso en torno aos 83.000 €, cos que se pretende en primeiro lugar, a construción dun parque infantil e biosaudable na parroquia de Andrade, grazas a cesión da asociación de veciños e aos veciños de Andrade, en segundo lugar a instalación dun circuíto de calistenia, que complementa a zona de ocio do paseo marítimo, que conta co parque infantil e biosaudable e que contará cunha cantina; e finalmente unha adquisición de dúas pilonas automáticas, que se atopan moi deterioradas e non se poden reparar. Por último, no que respecta á transferencia de crédito no tema do tractor municipal, di que se trata simplemente dun axuste contable para unha imputación contable correcta do crédito.

De seguido intervén D. Luis Ángel Díaz González, concelleiro do grupo municipal do PP, quen anuncia o voto a favor do seu grupo.

*[Abandona a sesión Dña. Rocío Souto Torre, sendo as 12h26min, por problemas de conexión á sesión telemática.]*

Toma a palabra D. Luis Pena Mosquera, portavoz do grupo municipal do BNG, quen anuncia o voto a favor do seu grupo.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.**- Que se aprobe unha modificación de crédito na modalidade de suplemento de crédito por importe total de 82.855,01 euros, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais na modalidade de suplemento de crédito de acordo co seguinte:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZ.	CONTÍA	SUBCONCEPTO	CONTÍA
CONSTRUCCIÓN DE PARQUE INFANTIL Y	171.60900	48.397,20	87000	82.855,01

**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

BIOSALUDABLE EN ANDRADE				
CIRCUITO DE CALISTENIA	342.60900	21.987,95		
SUMINISTRO DE PILONAS AUTOMÁTICAS	133.61900	12.469,86		

**SEGUNDO.-** Que se aprrobe unha modificación de crédito na modalidade de transferencia de crédito por importe total de 134.509,30 euros, consistente en realizar a correcta imputación da solicitude de subvención para a adquisición dun tractor municipal, de acordo co seguinte:

APLICACIÓN QUE INCREMENTA CRÉDITO		APLICACIÓN QUE CEDE CRÉDITO	
APLICACIÓN ORZ.	IMPORTE	APLICACIÓN ORZ.	IMPORTE
172.62300	134.509,30	450.62400	134.509,30

**TERCEIRO.-** Que se continúe o procedemento regulado no artigo 177 do TRLFL en relación coa publicidade e entrada en vigor, considerando o interés xeral que se vai derivar da tramitación deste expediente toda vez que permitirá habilitar crédito para atender gastos inaprazables e urxentes.

**5.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS: RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/2 E X/2022/2 (FACTURAS IMPUTADAS NA CONTA 413 A 31/12/2021)**

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda celebrada o día 28/03/2022, que se transcribe a continuación:

**"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA**

**SESIÓN: Ordinaria do día luns 28 de marzo de 2022**

**EXPDTE: 2022/G012/000006**

**Sesión n.º: 2022/6**

**4.1.-RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS: RELACIÓN DE FACTURA F/2022/2 E X/2022/2 (FACTURAS IMPUTADAS NA CONTA 413 A 31/12/2021)**

*Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA PROPOSTA NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros concelleiras presentes.*

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**«PROPOSTA DE ACORDO**

**RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO****Expediente TEDeC 2022/G006/000046**

*Logo de ver a Providencia da Alcaldía asinada dixitalmente o 14/03/2022 respecto das facturas incluídas na relación F/2022/2 e X/2022/2 (facturas imputadas na conta 413 a 31/12/2021 para a súa aprobación por Pleno), incoando expediente para a súa aprobación a tramitar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos por tratarse de gastos realizados no exercicio 2021 para os que no dito exercicio non había crédito orzamentario adecuado e suficiente no momento da súa presentación, se ben no caso da relación F/2022/2 as facturas achegáronse xa no exercicio 2022*

*Sobre isto cómpre sinalar que moitas das facturas se refiren a servizos prestados no mes de decembro, sendo que en moitos dos servizos facturados realmente se aproban anualmente doce facturas, unha por mes, se ben van de decembro do exercicio anterior a novembro, tendo en conta ademáis que de acordo co artigo 189 do TRLFL, respecto dos requisitos previos á expedición de órdenes de pago, que: "1. Previamente a la expedición de las órdenes de pago con cargo a los presupuestos de la entidad local y de sus organismos autónomos habrá de acreditarse documentalmente ante el órgano que haya de reconocer las obligaciones la realización de la prestación o el derecho del acreedor de conformidad con los acuerdos que en su día autorizaron y comprometieron el gasto".*

*Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de referencia 79/2022, asinado dixitalmente o 16 de marzo de 2022, que se xunta ao expediente*

*Tendo en conta o organigrama das distintas dependencias municipais ás que correspondería a tramitación das facturas incluídas nas ditas relacións, moitas delas de departamentos carentes de persoal administrativo, se ben as facturas están debidamente conformadas*

***3-Respaldar las actuaciones del Gobierno de España, junto con nuestros aliados para poner fin a esta incalificable invasión a un estado soberano.***

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

***4-Solicitar al Gobierno de España que mantenga un flujo de información suficiente con los partidos de la oposición con el objeto de obtener una colaboración más amplia, pronta y responsable para así ponernos a disposición del Gobierno para colaborar en la medida de nuestras competencias y recursos.”***

O Sr. Presidente indica que hai unha declaración institucional, que substituirá ás mocións dos puntos 8 e 10 da orde do día, na que se refunden os textos das dúas mocións.

Toma a palabra o Sr. José Simoes Couceiro, portavoz do grupo municipal do PSOE, quen confirma que na Xunta de Portavoces chegouse a unha declaración institucional.

D. Luis Pena Mosquera confirma que se retira a moción do seu grupo obxecto do punto 10 da orde do día, a favor da declaración institucional.

O Sr. Alcalde-Presidente da lectura á **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**, cuxo texto se transcribe a continuación:

### **«DECLARACION INSTITUCIONAL CONTRA A INVASION DE UCRANIA POR PARTE DE RUSIA**

O Concello de Ponte deume condena enerxicamente a agresión de Rusia a Ucraína, rexeitando totalmente a invasión das forzas militares rusas e esixindo a súa inmediata retirada para lograr solución estábel e duradeira sobre a base do respecto á soberanía dos pobos e a paz.

Así mesmo, o Concello de Ponte deume expresa a súa absoluta solidariedade coa poboación civil ucraína e con todas as vítimas deste conflito.

O concello de Ponte deume posiciónase a favor da resolución pacífica de todos os conflitos, apoiando as accións dirixidas a facilitar o diálogo, así como a favor de sancionar o incumprimento do dereito internacional.

O concello de Ponte deume insta ás partes implicadas a unha urxente desescalada, o cesamento ao fogo inmediato e o retorno á vía diplomática para cumprir cos Acordos de Minsk e coa mediación da ONU.

Como representantes da veciñanza de Ponte deume afirmamos que a solución aos conflitos **NUNCA É A GUERRA** e instamos a todas as administracións públicas a adoptar as medidas necesarias para acoller as persoas refuxiadas e desprazadas.

Mostrar o apoio á unión Europea para que se interpoñan as sancións precisas co fin de que se poña fin o conflito ante estes feitos tan graves que ameazan a paz e as liberdades e dereitos fundamentais dos cidadáns ucraínos.

Demandamos da comunidade internacional que traballe polo restablecemento dun marco de Ucraína coas repúblicas populares de Donetsk e Iugansk, en base aos criterios definidos nos acordos de Minsk.

Grupos Políticos PSdeG-PSOE - PP- BNG Pleno ordinario de Marzo

En Ponte deume a 31 de marzo 2022»

Os concelleiros e concelleiras presentes RATIFICAN por UNANIMIDADE o contido da Declaración Institucional.

**9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG):  
ACTUACIÓNS QUE DEBEN IMPULSAR OS GOBERNOS GALEGO E CENTRAL PARA  
MITIGAR O IMPACTO DO MEDRE DISPARADO DA INFLACIÓ NA SOCIEDADE E  
ECONOMÍA GALEGAS.**

Toma a palabra o Sr. Luis Pena Mosquera, portavoz do do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), dando conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:

**<<MOCIÓN RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS QUE DEBEN IMPULSAR OS GOBERNOS  
GALEGO E CENTRAL PARA MITIGAR O IMPACTO DO MEDRE DISPARADO DA  
INFLACIÓ NA SOCIEDADE E ECONOMÍA GALEGAS.**

*Dona Rocío Souto Torre e Don Luís Pena Mosquera, en representación do grupo municipal do BNG de Ponte deume, presentan a seguinte moción para o seu debate en pleno:*

**EXPOSICIÓ DE MOTIVOS**

*Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes dende o 2021 e agora agravada pola guerra de Ucraína e o impacto na comercialización do gas ou do cereal.*

A inflación provoca unha perda xeneralizada do poder de compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñécese como o “imposto dos pobres” porque, cos mesmos cartos, podemos enfrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos.

*Algúns datos:*

- *taxa de inflación interanual en Galiza no mes de febreiro foi do 8% (no Estado español 7,6%). Isto quere dicir que somos un 8% máis pobres que un ano antes.*
- *a electricidade subiu no estado español un 111,5%; o diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% (feb/21 fronte a feb/22)*
- *a bombona de butano nunca custou tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 18,63 € agora (un 40% máis cara).*

*Son varios os elementos que están a provocar esta situación de suba xeneralizada dos prezos. A guerra agrávaa, mais a situación xa viña de antes e a pandemia tampouco explica todo. O máis importante é que a suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Polo tanto, hai marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios.*

*Máis datos:*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- En Galiza 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social en outubro de 2021 (segun a Rede Galega Contra a Pobreza).

Estes datos aínda non reflicten o impacto total da pandemia polo que a situación que estamos a vivir van empeoralos. Ademais, en Galiza agrávase o impacto polo peso do sector pesqueiro e agro-gandeiro, por termos moitas industrias electrointensivas, depender do comercio por vía marítima e estrada, polas carencias históricas en transporte público, pola dispersión poboacional, pola estafa das peaxes... e sobre todo porque **desde a Xunta e desde Madrid toman decisións contrarias aos nosos intereses, como rebaixar os impostos a quen máis ten, permitir os privilexios do lobby eléctrico ou incrementar o gasto militar no lugar de atender outras necesidades.**

É necesario, a medio e longo prazo, impulsar un cambio estrutural na nosa economía que nos faga máis resistentes a este tipo de situacións, mais é hora tamén de tomar medidas urxentes para que non haxa un empobrecemento drástico e non se pode agardar semanas para actuar.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en PONTEDEUME somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

### ACORDOS:

1. Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para **controlar os prezos da electricidade** e do gas, **recortar os beneficios das eléctricas**, impulsar **unha tarifa eléctrica galega**, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a medio prazo.
2. Demandar do goberno central a **baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos**, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas. E dos impostos sobre os hidrocarburos
3. Demandar do goberno central o **Incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.**
4. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a **protección do sector agro-gandeiro e marítimo-pesqueiro** evitando a venda a perdas e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.
5. Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para **facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas** poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como **vivendas sociais.**
6. 10. Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de **non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista** conforme o IPC e aprobar sen máis dilación o Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.»

**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

Toma a palabra D. Luis Ángel Díaz González, concelleiro do grupo municipal do PP, quen indica que lle parecen ben as medidas, se ben considera que dende o goberno do estado e da Xunta xa se está actuando ao respecto. Anuncia a abstención do seu grupo ao acordo.

De seguido intervén D. José Simoes Couceiro, portavoz do grupo municipal do PSOE, quen di que entenden que se trata dun tema solidario, ante unha crise e que hai cousas que hai que ter en contra. Non podendo estar en contra destas medidas, que dende o goberno central se están tomando medidas contundentes ao respecto; fai referencia aos datos da exposición de motivos ao respecto da pobreza en Galicia, en comparativa con anos anteriores, que considera non melloraron porque dende a Xunta non se tomaron cartas no asunto, non pola guerra de Ucraia. Propón que se vote a moción por puntos, onde o voto do seu grupo sería no sentido seguinte:

- No punto un absteríanse.
- No punto dous votarían a favor.
- No punto tres indica que se se retira a porcentaxe do 60%, votarían a favor.
- No punto catro votarían en contra, porque xa estaría no plan de choques dos custos de produción agraria.
- No punto cinco, di que o estado xa ten un bono xove, dende o 18 de xaneiro, polo que o voto sería a abstención.
- No punto seis votarían a favor.

O Sr. Pena Mosquera pide que se aclare detalladamente que quere eliminar para que o voto fora a favor.

O Sr. Simoes Couceiro volve a repetir as votacións dos puntos.

Toma a palabra o Sr. Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro di que tamén se podería votar a favor o punto cuarto, en tanto que a a Lei de Cadea Alimentaria o que regula é que non se poda vender por debaixo dos prezos de custo.

D. Luis Pena acepta a votación por bloques, ou chegar a un acordo no resto dos puntos que posibilite a votación a favor.

O Sr. Alcalde propón unha serie de modificacións nos puntos do acordo, que se aceptan por parte do grupo proponente da moción, que quedarían redactados do seguinte xeito:

- 1.- Demandar do goberno central a posta en marcha no menor tempo posible as medidas necesarias para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas
- 2.- Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas. E dos impostos sobre os hidrocarburos
- 3.- Demandar do goberno central o Incremento das pensións e dos salarios máis baixos para compensar a inflación
- 4.- Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agro-gandeiro e

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.

5.- Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas soci sociais.

6.- 10. Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilación o Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.

D. Luis Ángel Díaz González considera que, os cambios introducidos supoñen unha moción totalmente distinta, indicando que, se se vota punto por punto, votarán en contra nos puntos catro, cinco e seis, pois tanto polo goberno central coma pola Xunta de Galicia, xa se están levando a cabo actuacións, coma o bono social. Se votan en conxunto a moción, absteranse.

D. Luis Pena Mosquera acepta a votación por puntos.

De seguido, sométense a votación a proposta de acordo por puntos, quedando

Adoptado por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

**1.- Demandar do goberno central a posta en marcha no menor tempo posible as medidas necesarias para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas**

Adoptado por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

**2.- Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas. E dos impostos sobre os hidrocarburos**

Adoptado por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

**3.- Demandar do goberno central o incremento das pensións e dos salarios máis baixos para compensar a inflación**

Adoptado por **MAIORÍA** de **9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSOE (8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal , D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; e do BNG (1): D. Luis Pena Mosquera ; e **2 votos en contra** dos concelleiros do grupo municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González, o seguinte **ACORDO**:

**4.- Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agrogandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Adoptado por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSOE (8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal , D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; e do BNG (1): D. Luis Pena Mosquera ; e **2 votos en contra** dos concelleiros do grupo municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González, o seguinte **ACORDO**:

**5.- Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas soci sociais.**

Adoptado por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSOE (8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal , D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; e do BNG (1): D. Luis Pena Mosquera ; e **2 votos en contra** dos concelleiros do grupo municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González, o seguinte **ACORDO**:

**6.- 10. Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilación o Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.**

**10.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG):  
CONDENA DA INVASIÓN RUSA SOBRE UCRAÍNA**

### **CONDENA DA INVASIÓN RUSA SOBRE UCRAÍNA**

*Luís Pena Mosquera, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ponte deume, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte moción:*

**DECLARACIÓN FRONTE AOS FEITOS QUE ESTÁN A OCORRER NA UCRAÍNA :**

- 1. O Concello de Ponte deume condena enerxicamente a agresión de Rusia a Ucraína, rexeitando totalmente a invasión das forzas militares rusas e esixindo a súa inmediata retirada para lograr solución estábel e duradeira sobre a base do respecto á soberanía dos pobos e a paz.**
- 2. Así mesmo, o Concello de Ponte deume expresa a súa absoluta solidariedade coa poboación civil ucraína e con todas as vítimas deste conflito.**
- 3. O Concello de Ponte deume posiciónase a favor da resolución pacífica de TODOS os conflitos, apoiando as accións dirixidas a facilitar o diálogo, así como a favor de sancionar o incumprimento do dereito internacional.**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4. *O Concello de Ponte deume insta ás partes implicadas a unha urxente desescalada, o cesamento ao fogo inmediato e o retorno á vía diplomática para cumprir cos Acordos de Minsk e co dereito internacional coa mediación da ONU*
5. *Como representantes da veciñanza de Ponte deume afirmamos que a solución aos conflitos **NUNCA É A GUERA** e instamos a todas as administracións públicas a adoptar as medidas necesarias para acoller as persoas refuxiadas e desprazadas.*
6. *Demandamos da Comunidade Internacional que traballe polo restablecemento dun marco de solución dialogada ao conflito de Ucraína coas repúblicas populares de Donetsk e Lugansk, en base aos criterios definidos nos Acordos de Minsk.*

A moción foi retirada a favor da **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**, transcrita no punto 8.

### **11.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA (PSdeGPSOE): PLAN URXENTE DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS DE GALICIA DIANTE DA CRISE DERIVADA POLA INVASIÓN UCRAÍNA.**

Toma a palabra o don José Simoes Couceiro, portavoz do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia (PSdG-PSOE), para dar lectura aos puntos do acordo da moción presentada polo (PSdG-PSOE), que se transcribe a continuación:

#### **<<MOCIÓN SOBRE O PLAN URXENTE DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS DE GALICIA DIANTE DA CRISE DERIVADA POLA INVASIÓN DE UCRAÍNA**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O PSdeG-PSOE vén de presentar un Plan urxente de medidas económicas e sociais. Trátase dun decálogo de medidas co obxectivo de facer fronte á situación de emerxencia derivada da guerra de Ucraína e axudar a paliar as súas consecuencias, sobre todo ás persoas e sectores máis afectados e ás persoas en situación de vulnerabilidade. O custo da electricidade, do combustible e de materia prima de determinados produtos descontrolouse porque Rusia é un dos principais provedores de gas e petróleo para Europa, mentres que Ucraína é un dos principais produtores de cereais e aceite de xirasol. Se a este contexto se suman os efectos negativos de dous anos de pandemia, aparece un horizonte escuro para a economía da que ameaza a ansiada recuperación económica. Cómpre, polo tanto, actuar de maneira urxente, e, para iso, plantéxanse as seguintes medidas:

1. **Redución das peaxes das autoestradas de titularidade autonómica.** Baixada das tarifas nun 75% para os profesionais do transporte e nun 50% para o resto dos usuarios. Impulsar que o Goberno de España negocie coas concesionarias, nomeadamente a da AP-9, unha baixada similar nas autoestradas de titularidade estatal.

2. **Rebaixa nas taxas da ITV (competencia da Xunta de Galicia).** Redución das tarifas da inspección técnica de vehículos nun 75% para os profesionais do transporte e nun 50% de media, con carácter progresivo, para o resto dos usuarios.
3. **Plan de axudas dirixidas a autónomos e profesionais** para compensar o aumento de custes do transporte. Posta en marcha dunha liña de axudas urxentes para axudar a costear a alza dos combustibles nos sectores da pesca, da agricultura e a gandería.

Colaborar co Goberno de España para rebaixar a imposición sobre hidrocarburos, ben mediante a actuación sobre o Imposto Especial de Hidrocarburos, ben mediante a aplicación dun IVE a tipo reducido.

4. Impulsar o cambio na regulación do mercado eléctrico que faga posible desvincular o prezo da enerxía eléctrica para familias e empresas do prezo do gas, facendo posible unha **rebaixa significativa do custe da electricidade**, así como demandar a redución das peaxes na rede eléctrica e de gas.
5. Identificación e impulso lexislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os **proxectos estratéxicos** dirixidos a elevar a **autosuficiencia enerxética** a baixo custe tanto para ámbito doméstico como para o aprovisionamento industrial.

Impulsar desde a propia Administración autonómica un instrumento financeiro de participación e liderado no desenvolvemento de proxectos estratéxicos.

6. Redución das **tarifas portuarias** nun 75% tanto no que se refire a Portos de interese xeral como aos xestionados pola Xunta de Galicia.
7. Modificar os Orzamentos da Xunta de Galicia para aprobar **un plan social de axudas ás familias máis vulnerables**, triplicando a partida orzamentaria dedicada ao **bono social eléctrico**, pasando de 1,9 a 6 millóns de euros, o que permitía incrementar de 5.000 a 15.000 o número de familias vulnerables beneficiarias.
8. Reformulación da **Tarxeta Básica** da Xunta coa finalidade de incorporar nesta prestación ás familias de persoas refuxiadas procedentes de Ucraína.
9. Demandar da Xunta unha **redución no tramo autonómico do IRPF** para aquelas persoas non obrigadas a presentar a declaración da renda, pero cuxos ingresos si están suxeitos a retención e negociar co Estado unha rebaixa paralela.
10. Que a Xunta, a través do IGAPE, habilite un **fondo de avais e de liquidez** que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína. Colaborar coa rede exterior na identificación de novos mercados para o aprovisionamento de cereais e outras producións que poden ver interrompido o subministro a causa da guerra.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista insta ao Pleno da Corporación de Ponte deume a adoptar os seguintes acordos:

1. Insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha as medidas que son da súa competencia:

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- *Redución das peaxes autoestradas da titularidade autonómica*
- *Rebaixa nas taxas da ITV*
- *Impulso legislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os **proxectos estratéxicos** dirixidos a elevar a **autosuficiencia enerxética**.*
- *Redución das **tarifas portuarias** nun 75%*
- *Aprobar **un plan social de axudas ás familias máis vulnerables***
- *Reformulación da **Tarxeta Básica** da Xunta*
- *Redución no tramo autonómico do IRPF*
- *Habilitar un **fondo de avais e de liquidez** que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína.*

2. Insta ao Goberno do Estado a adoptar as seguintes medidas da súa competencia:

- *Impulsar o cambio na regulación do mercado eléctrico que faga posible unha **rebaixa significativa do custe da electricidade**.*
- *Redución das **tarifas portuarias** nun 75%*
- *Rebaixar a imposición sobre hidrocarburos*
- *Impulsar unha baixada nas autoestradas de titularidade estatal, nomeadamente a da AP-9*

Toma a palabra D. Luis Ángel Díaz González, concelleiro do grupo municipal do PP, quen di que imaxina que os concelleiros leron o Plan de Choque da Xunta de Galicia do 17 de marzo de 2022 e o Plan de Choque do goberno central. Comenta que nesta moción o Grupo Municipal do Partido Socialista pide a “*redución das tarifas portuarias nun 75%*”, pero sen embargo, a Xunta suspende o pago das taxas portuarias como mínimo durante dous meses prorrogables. En canto o punto, “*aprobar un plan social de axudas ás familias máis vulnerables*”, indica que o aprobou onte o goberno central, pero a parte disto, a Xunta de Galicia ten axudas de bono enerxético dirixidos a comercios e hostalaría, e tamén o bono eléctrico a familias vulnerables, ampliado en 13.000.000 €; que son cousas que se están facendo. De seguido indica que, en referencia á “*redución no tramo autonómico do IRPF*”, que no ano 2022 cada galego aforrará 432 € polas rebaixas fiscais, habendo tres tramos autonómicos rebaixados, da conta do que dixo o goberno central no día de onte sobre o que vai facer...; En definitiva, considera que son unhas boas medidas, pero son actuacións que xa se están levando a cabo ou que se anunciou que se van facer..., tanto por parte da Xunta coma do goberno central. Considera que cada grupo fai unhas medidas diferentes. Conclúe a súa intervención indicando que o voto do seu grupo vai ser a abstención, non porque non lle gusten as medidas, se non porque son cousas que xa se están a facer por parte dos gobernos da xunta e do estado, se ben considera que as medidas deberían de ser conxuntas dos distintos grupos dos distintos gobernos.

De seguido intervén D. Luis Pena Mosquera. O portavoz do grupo municipal fai referencia á concordancia cos puntos primeiro e segunda e pide unha aclaración sobre o texto: “elevar a autosuficiencia enerxética”, indicando o Sr. Alcalde que se refire ao tema do hidróxeno, en tanto que en Galicia hai dous elementos en abundancia: o vento e auga, para xerar enerxía, por

tanto Galicia podería ser un potencial produtor dese elemento, que nos faría autosuficientes enerxéticamente respecto a outros puntos de Europa. Continuando coa súa intervención, o Sr. Pena Mosquera, con respecto ao punto de *“Reformulación da Tarxeta Básica da Xunta, considera que está ben, pero tampouco di nada xa que na explicación fálase das persoas procedentes de Ucraína e aquí non o di; con referencia á “redución no tramo autonómico do IRPF, considera que tería que quedar claro a que persoas vai dirixido, e dicir: ás persoas non obrigadas a presentar a declaración de renda, ás persoas con rendas máis baixas. Respecto o punto “habilitar un fondo de avais e de liquidez que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína”, di que parece que está pensado para as distintas tendas que ten Inditex en Rusia, polo que ten que votar en contra, entendendo que a Xunta non ten porque financiar a grandes empresas que teñen capacidade de autofinanciamento; O Sr. Alcalde di que non é nese sentido, polo que se propón concretar o punto no seguinte sentido: “habilitar un fondo de avais e de liquidez para pequenas e medianas empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína”. No que respecta ao último punto, “impulsar unha baixada nas autoestradas de titularidade estatal, nomeadamente a da AP-9”, o Sr. Pena Mosquera, facendo referencia ao posicionamento do BNG, que defende a gratuidade da autoestrada, como nervio de conexión do tecido industrial galego, propón unha variación do punto para votar a favor, introducindo o termo “impulsar a gratuidade”*

D. Bernardo Fernández Piñeiro propón a redacción seguinte do último punto da moción: *“Impulsar a gratuidade das autoestradas de titularidade estatal de ser posible e de non selo aplicar unha rebaixa na tarifa das mesmas, nomeadamente a da AP-9”,* co que D. Luis Pena manifesta estar de acordo.

De seguido toma a palabra D. José Simoes Couceiro quen, en referencia á intervención de D. Luis Ángel Díaz González apunta que, referente o Plan de axudas ás familias vulnerables, di que a Xunta pide 1,9 millóns, pero eles piden 6.000.000 €, con respecto a ITV, comenta que isto non se acaba durante dous meses.

O Sr. Díaz González di que el se refire ás taxas portuarias, non a ITV, que baixou un 1,5 %. Considera que non se pode botar a culpa de todo á guerra de Ucraína, facendo referencia á baixada de impostos e aos fondos das xubilacións.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que é partidario de rescatar as ITV para que non estean en mans privadas.

Péchase o debate cun intercambio de opinións entre o concelleiro do PP e o portavoz do PSOE sobre as medidas, a súa temporalidade, así como a súa aplicación e consecuencias.

*[Abandona a sesión Dña. Alejandra Bellón Tenreiro sendo as 13h56min]*

Concluídas as intervencións, sométese a votación a **MOCIÓN EMENDADA**, quedando adoptado por **MAIORÍA de 8 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, e do concelleiro do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera; e **2 abstencións** dos concelleiros do Grupo municipal do PP(2): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Ángel Díaz González, o **ACORDO** seguinte:

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. Insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha as medidas que son da súa competencia:

- Redución das peaxes autoestradas da titularidade autonómica
- Rebaixa nas taxas da ITV
- Impulso legislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os **proxectos estratéxicos** dirixidos a elevar a **autosuficiencia enerxética**.
- Redución das **tarifas portuarias** nun 75%
- Aprobar **un plan social de axudas ás familias máis vulnerables**
- Reformulación da **Tarxeta Básica** da Xunta
- Redución no tramo autonómico do IRPF ás persoas non obrigadas a presentar a declaración da renda
- Habilitar un fondo de avais e de liquidez para pequenas e medianas empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraia.

2. Insta ao Goberno do Estado a adoptar as seguintes medidas da súa competencia:

- Impulsar o cambio na regulación do mercado eléctrico que faga posible unha **rebaixa significativa do custe da electricidade**.
- Redución das **tarifas portuarias** nun 75%
- Rebaixar a imposición sobre hidrocarburos
- Impulsar a gratuidade das autoestradas de titularidade estatal de ser posible, e de non selo, aplicar unha rebaixa na tarifa das mesmas, nomeadamente a da AP-9",

### 12.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓN URXENTES.

Non se presentan mocións urxentes

### 13.- ASUNTOS URXENTES.

Non se presentan asuntos urxentes

### 14.- DACIÓN DE CONTA DOS PROXECTOS DE OBRA APROBADOS POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**<<PROPOSTA DACCIÓN CONTA AO PLENO**

**Expediente: 2022/G006/000055**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### **Asunto: Dacción de conta da aprobación de proxectos de obras por Resolución da Alcaldía Presidencia.**

Logo de ver o acordo relativo á delegación de competencias do Pleno na Alcaldía-Presidencia, adoptado en sesión ordinaria de 28 de novembro de 2019, que se transcribe en estrato:

...//...

SEGUNDO.- Delegar na Alcaldía-Presidencia o exercicio das atribucións que se indican no artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros. 1.- A aprobación dos proxectos de obras e servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos.

...//...

Tendo en conta o establecido no artigo 115 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, poloque se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que se transcribe en estrato:

Artículo 115. Si no se dispone otra cosa, el órgano delegante conservará las siguientes facultades en relación con la competencia delegada:

a) La de recibir información detallada de la gestión de la competencia delegada y de los actos o disposiciones emanados en virtud de la delegación.

Cumprindo cos preceptos anteriores, esta Alcaldía-Presidencia, propón:

**ÚNICO.-** Toma de razón das resolucións adoptadas por por parte do Pleno da Corporacións as resolucións seguintes:

Expediente	Proxecto	Resolución	Data resolución
2022/G003/000088	Solicitud de subvención para a recuperación do patrimonio cultural mediante a rehabilitación entorno do lavadoiro de Cermuzo, fonte do Castro e a fonte de Cruz do Cabildo, no Concello de Pontedeume	Decreto núm 82/2022	14/02/2022
2022/G003/000079	Solicitud de subvención para a mellora de accesibilidade, equipamento e instalacións no centro municipal de Foremdes 2022	Decreto núm 73/2022	09/02/2022
2022/G003/000127	Solicitud de subvención para a renovación de acabado da cuberta da escola de Ombre e rehabilitación palco da música na Alameda. Impacto paisaxístico. 2022	Decreto núm 110/2022	24/02/2022
2022/G003/000119	Subvención para a reordenación do viario no acceso ó polígono de Vidreiro.	Decreto núm 111/2022	24/02/2022

**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

<i>Expediente</i>	<i>Proxecto</i>	<i>Resolución</i>	<i>Data resolución</i>
	<i>parques empresariais 2022</i>		
2022/G003/000132	<i>Solicitud de subvención; camiño de Allón. AGADER 2022-2023</i>	<i>Decreto núm 115/2022</i>	<i>25/02/2022</i>
2022/g003/000137	<i>Expediente de incoacción del procedimieento de licitación del contrato para las actuaciones recogidas en el proyecto "Rehabilitación enerxética do edificio de Servizos Sociais do Concello de Ponte deume" (IDAE 2020), cofinanciadas con cargo al "programa de ayudas a proxectos singulares de entidades locais que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del programa operativo feder de crecimeento sostenible 2014-2020" (expediente: 2021/c003/000003)</i>	<i>Decreto núm 122/2022</i>	<i>25/02/2022</i>

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

**15.- DACIÓN DE CONTA PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (2023-2025)**

A secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**<<DACIÓN DE CONTA DO EXPEDIENTE DE PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (20232025)**

*(Expediente: 2021/X998/000023).*

*Dáse conta do Decreto da Alcaldía núm. 139/2022 do día 09/03/2022, do seguinte teor que se transcribe:*

**<<Descrición decreto: EXPEDIENTE DE PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (2023 A 2025)**

**EXPEDIENTE Nº 2022/G003/000161**

**DON Bernardo Fernández Piñeiro ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

*A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece no seu artigo 6 a obriga de remitir información*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

sobre os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos das entidades locais

O artigo 5 da dita Orde establece a obriga de que a remisión da información antedita se realice por medios electrónicos e mediante sinatura electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e función pública (MINHAP) habilite para o efecto

Con data do 12/03/2021 aprobouse o expediente do plan orzamentario a medio prazo 2022-2024, número 2021/G003/000175 mediante resolución da Alcaldía número 162/2021, e, unha vez liquidado o exercicio 2021 (mediante Resolución número 80/2022, de 14/02/2022), os datos correspondentes á estimación de liquidación para o ano 2021 remitida ao Ministerio e a liquidación do orzamento correspondente ao dito exercicio aprobada foron os que se indican no seguinte cadro, coa porcentaxe de cumprimento da liquidación real sobre as estimacións que se recolle no cadro "porcentaxe":

INGRESOS 2021	ESTIMACIÓN	LIQUIDACIÓN	PORCENTAXE
Capítulo 1: Impostos directos	1.968.000	2.149.422,48	109,22%
capítulo 2: impostos indirectos	100.000	162.462	162,46%
Capítulo 3: Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	1.650.000	1.536.234,81	93,11%
Capítulo 4: Transferencias correntes	2.803.070,53	3.262.045,47	116,37%
Capítulo 5: Ingresos Patrimoniais	0,00	9.345,09	-
<b>Total de Ingresos correntes</b>	<b>6.521.070,53</b>	<b>7.119.509,85</b>	<b>109,18%</b>
Capítulo 6. Alleamento de investimentos	0,00	0,00	0,00
Capítulo 7: Transferencias de capital	900.000	299.964,74	33,33%
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	10.0000	2.135,35	2,14%
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	394.729	301.513,08	76,38%
<b>Total de Ingresos capital</b>	<b>1.104.729</b>	<b>603.613,17</b>	<b>54,64%</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>7.825.799,53</b>	<b>7.723.123,02</b>	<b>98,69%</b>

GASTOS 2021	ESTIMACIÓN	LIQUIDACIÓN	PORCENTAXE
Capítulo 1: Gastos de persoal	2.495.000,00	2.590.462,62	103,83%
Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos	3.300.000	3.393.247,14	102,83%
Capítulo 3: Gastos financeiros	300,00	13,98	4,66%
Capítulo 4: Transferencias correntes	400.000,00	394.319,96	98,58%
<b>Total de Gastos Correntes</b>	<b>6.195.300</b>	<b>6.378.043,70</b>	<b>102,95%</b>
Capítulo 6. Investimentos reais	1.200.000	983.942,32	82,00%
Capítulo 7. Transferencias de	0	0	



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

<i>capital</i>			
C. 8. Activos financeiros	10.000,00	0	0,00%
Total de Gastos capital	1.210.000	983.942,32	81,32%
<b>TOTAL GASTOS</b>	7.405.300	<b>7.361.986,02</b>	99,42%

Visto que o prazo para a remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública a través da plataforma da oficina virtual das entidades locais da información relativa o **plan orzamentario a medio prazo, 2023-2025**, remata ás 24:00 horas do 15/03/2022,

Os plans orzamentarios para os anos 2023-2025 se realizaron tendo en conta:

- a información con que se conta a día de hoxe e unha aplicación prudente da súa posible evolución, na liña seguida para o cálculo dos marcos orzamentarios do período 2022-2024
- a información da liquidación do exercicio 2021, e
- a previsión de execución do orzamento do exercicio 2022

Quedaría como segue:

Polo que se refire aos **INGRESOS**:

Realízase unha previsión prudente tendo en conta a información de liquidación do exercicio 2021 e o orzamento 2022, axustando algunha previsión de ingresos en función da evolución tendencial.

Polo que se refire aos **GASTOS**:

Polo que se refire á previsión de gastos, tense en conta igual información que a utilizada para os ingresos, así como coas modificacións de crédito que se teñen tramitado e/ou se pretenden tramitar ata fin de exercicio. E en relación cos gastos de persoal se considera pouco incremento por estarse regularizando os anos anteriores de axudas sociais a funcionarios e o desenvolvemento da oferta de emprego público.

Respecto dos capítulo 3 e 9, gastos financeiros e pasivos financeiros, aténdese ás previsións de movementos e situación da débeda nos vindeiros exercicios, sen prexuízo de posibles amortizacións anticipadas que puideran realizarse, de acordo coas solicitudes/concesións de préstamos nos distintos plans provinciais (PAI2016, POS+2017, POS+2018 e POS+2019), unha vez que realice a súa devolución anual cun período cada un de dez anos, por contías dunha décima parte da amortización, sen xuros. De acordo coa competencia da Alcaldía regulada no artigo 21.1.s da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte información sobre os plans orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos do Concello de Ponte deume para os exercicios 2023, 2024 e 2025, derivados de evolución tendencial, e tendo en conta que para este 2022 están suspendidas as regras fiscais, pero non así para os vindeiros anos, polo que a utilización do remanente de tesourería para gastos xerais deberá cumprir coas previsións de

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

cumprimento da estabilidade orzamentaria e regra de gasto, polo que se axustan as previsións de investimento a liquidar, así

### DETALLE DE INGRESOS CORRENTES

(Estimación de dereitos recoñecidos netos, en euros)

INGRESOS CORRENTES	Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024	Ano 2025
Capítulo 1 y 2: Impostos directos e indirectos	2.347.000	2.133.424	2.148.931	2.164.523
Imposto sobre Bens Inmóviles	1.303.000	1.313.424	1.323.931	1.334.523
Imposto sobre Actividades Económicas	210.000	210.000	215.000	220.000
Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	369.000	370.000	370.000	370.000
Imposto sobre Incremento del Valor de los Terresos de Natureza Urbana	280.000	120.000,00	120.000	120.000
Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras	185.000	120.000	120.000	120.000
Cesión de impostos do Estado	0,00	0	0	0
Ingresos do capítulo 1 e 2 non incluídos	0,00	0	0	0
Capítulo 3: Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	1.650.000	1.650.000	1.650.000	1.650.000
Capítulo 4: Transferencias correntes	2.870.000	2.869.000	2.869.000	2.869.000
Participación en tributos do Estado	1.676.053,44	1.675.000,00	1.675.000,00	1.675.000,00
Resto de Transferencias correntes (resto Cap.4)	1.193.946,56	1.194.000	1.194.000	1.194.000
Capítulo 5: Ingresos Patrimoniais	0	0	0	0
<b>Total de Ingresos correntes</b>	<b>6.867.000</b>	<b>6.652.424</b>	<b>6.667.931</b>	<b>6.683.523</b>

### DETALLE DE INGRESOS DE CAPITAL

(Estimación de dereitos recoñecidos netos, en euros)

INGRESOS DE CAPITAL	Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024	Ano 2025
Capítulo 6. Alleamento de investimentos	0,00	0	0,00	0,00
Capítulo 7: Transferencias de capital	900.000	700.000	700.000	700.000
<b>Total de Ingresos de Capital</b>	<b>900.000</b>	<b>700.000</b>	<b>700.000</b>	<b>700.000</b>

**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**
**DETALLE DOS INGRESOS FINANCIEROS**
*(Estimación de dereitos recoñecidos netos, en euros)*

<b>INGRESOS FINANCIEROS</b>	<b>Ano 2022</b>	<b>Ano 2023</b>	<b>Ano 2024</b>	<b>Ano 2025</b>
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	10.000,00	10.000,00	10.000,00	10.000,00
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	35.903,86	0	0	0
<b>Total de Ingresos Financeiros</b>	<b>45.903,86</b>	<b>10.000,00</b>	<b>10.000,00</b>	<b>10.000,00</b>

**DETALLE DE GASTOS CORRENTES**
*(Estimación de obrigas recoñecidas netas, en euros)*

<b>GASTOS CORRENTES</b>	<b>Ano 2022</b>	<b>Ano 2023</b>	<b>Ano 2024</b>	<b>Ano 2025</b>
Capítulo 1: Gastos de persoal	2.600.000	2.626.000	2.652.260	2.678.783
Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos	3.395.000	3.411.975	3.429.035	3.446.180
Capítulo 3: Gastos financeiros	800	300	300	300
Capítulo 4: Transferencias correntes	400.000	400.000	400.000	400.000
<b>Total de Gastos Correntes</b>	<b>6.395.800</b>	<b>6.438.275</b>	<b>6.481.595</b>	<b>6.525.263</b>

**DETALLE DE GASTOS DE CAPITAL**
*(Estimación de obrigas recoñecidas netas, en euros)*

<b>GASTOS DE CAPITAL</b>	<b>Ano 2022</b>	<b>Ano 2023</b>	<b>Ano 2024</b>	<b>Ano 2025</b>
Capítulo 6. Inversións reais	1.400.000	750.000	750.000	750.000
Capítulo 7. Transferencias de capital	0	0	0	0
<b>Total de Gastos Capital</b>	<b>1.400.000</b>	<b>750.000</b>	<b>750.000</b>	<b>750.000</b>

**DETALLE DE GASTOS FINANCIEROS**
*(Estimación de obrigas recoñecidas netas, en euros)*

<b>GASTOS FINANCIEROS</b>	<b>Ano 2022</b>	<b>Ano 2023</b>	<b>Ano 2024</b>	<b>Ano 2025</b>
C. 8. Activos financeiros	10.000,00	10.000,00	10.000,00	10.000,00
Achegas patrimoniais	10.000,00	10.000,00	10.000,00	10.000,00
Outros gastos en activos financeiros	0,00	0	0,00	0,00
C.9. Pasivos financeiros	0	18.474,59	47.118,69	47.118,69
<b>Total de Gastos Financieros</b>	<b>10.000,00</b>	<b>28.474,59</b>	<b>57.118,69</b>	<b>57.118,69</b>

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**TOTAL estimación de dereitos recoñecidos e obrigas recoñecidas de ingresos e gastos por evolución tendencial:**

TOTAIS	Ano 2021	Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024
INGRESOS	7.812.903,86	7.362.424	7.377.931	7.393.523
GASTOS	7.805.800	7.216.749,59	7.288.713,69	7.332.381,69

**SEGUNDO.-** Dar conta aos Servizos Económicos, para que a Intervención municipal remita os datos indicados no texto deste Decreto ao Ministerio para dar cumprimento ao sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro.

**TERCEIRO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).>>

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

### 16.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

A secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**<<DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.**

#### **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 31 DE MARZO DE 2022**

(Expediente TEdC: 2022/G006/000066)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **99.2022** de 21 de febreiro ao **194.2022** de 25 de marzo de 2022, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2022/G003/000115	Convocatoria da sesión ordinario do Pleno do día 24.02.2022	000099/2022	21-02-2022
2022/G003/000111	NOMEAMENTO TESOUREIRO ACCTAL. NICOLÁS PLACER SANDE DO 21 AO 28 DE FEBREIRO DE 2022.	000100/2022	21-02-2022

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
